

CURSO 2021/2022

EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS MODALIDADE A DISTANCIA SEMIPRESENCIAL

Prazo de matrícula

A inscrición para acceder a calquera dos módulos das ensinanzas de educación secundaria a distancia para persoas adultas na modalidade semipresencial será:

a) Para o **primeiro cuadrimestre**, desde o **1 de setembro de 2021 ata o 14 de xaneiro de 2022**.

b) Para o **segundo cuadrimestre**, desde o **1 de febreiro ata o 29 de abril de 2022**.

Para o alumnado que, por motivos laborais, necesite xustificación de estar cursando ensinanzas básicas para persoas adultas con posterioridade á data de matrícula establecida, o centro educativo poderá realizar a reserva de matrícula ata a apertura do novo prazo no curso seguinte.

O alumnado que solicite matricularse deberá presentar a seguinte documentación:

- Historial académico de ensinanzas cursadas ou libro de escolaridade
- Declaración responsable de non estar escolarizado nas mesmas ensinanzas noutro centro. [Descargar e cubrir declaración](#)
- Solicitud de admisión, **ANEXO XII, (Orde 20 marzo 2018)**. [Descargar e cubrir ANEXO XII](#)
- Solicitud de matrícula, **ANEXO XIII, (Orde 20 marzo 2018)**. [Descargar e cubrir ANEXO XIII](#)
- Xustificante de deportista de alto rendemento
- Fotocopia do DNI do alumno/a
- 3 Fotografías tamaño carné
- Alumno maior de 16 anos con contrato laboral (copia contrato)
- Declaración de estar traballando ou non, por conta allea. [Descargar e cubrir declaración](#)
- Autorización de imaxe. [Descargar e cubrir autorización](#)
- Se é minusválido, certificado da minusvalía
- Ingreso en secretaría do importe do Seguro Escolar (1,12 €)
- Outros (indicar cales)

Os datos e documentos requiridos nesta solicitude son necesarios para os trámites de solicitude de matrícula no IES Abrente. Estes datos serán incluídos no programa de xestión do Centro, procesados para realizar as funcións propias dun Instituto de Educación Secundaria e cedidos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. A negativa a facilitar a totalidade ou parte dos datos ou documentos requiridos podería impedir a tramitación da solicitude presentada e da matrícula no IES O Ribeiro. O alumno ou a alumna terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos segundo o disposto no artigo 5.1 de la Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal poñéndose en contacto coa Secretaría do centro: IES O Ribeiro, Rúa do Carballiño, s/n, 32400, Ribadavia, Ourense.